

OFICINA TÉCNICA

## O Consorcio de Santiago lanza unha nova convocatoria do programa 'TERÉMANTER' cun orzamento de 800.000 euros para a rehabilitación e mantemento de inmobles da Cidade Histórica

O Consorcio de Santiago ven de lanzar una nova convocatoria do programa de "TERÉMANTER" de axudas á rehabilitación dos elementos especiais de madeira e reixas e ao mantemento da envolvente exterior das vivendas da Cidade Histórica compostelá, que nesta edición contará cun orzamento de 800.000 euros.

Desde a posta en marcha deste programa de axudas no ano 2006, o Consorcio puxo a disposición dos veciños máis de 3.240.000 euros para estas accións de mellora dos inmobles da cidade histórica.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/es/programa-de-mantenimiento-teremanter>




## O Consorcio de Santiago publica unha convocatoria para a redacción técnica de proxectos de mantemento e rehabilitación dos grandes monumentos da cidade histórica compostelá

O Consorcio de Santiago lanza un novo programa para o fomento da cultura de mantemento e prevención a través dunha convocatoria destinada a cubrir os custos de redacción da documentación técnica para a realización de obras de mantemento e rehabilitación, dirección facultativa e a redacción do plan de mantemento. Con este programa, o Consorcio de Santiago aposta unha vez máis por brindar apoio técnico e profesional ás persoas propietarias ou usufrutuarias dos inmobles de carácter monumental da Cidade Histórica de Santiago.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/es/programa-proyectos-tecnicos-monumentos>

## PROXECTOS TÉCNICOS MONUMENTOS



EXPOSICIÓNS

## Máis de 50.000 persoas visitaron as exposicións organizadas polo Consorcio de Santiago no 2023

Literatura, motor, fotografía e arquitectura atraeron a un total de 50.746 visitantes á Casa do Cabido compostelá.

Casa do Cabido acolleu catro exposicións ao longo do 2023, obtendo os mellores datos de asistencia desde que foi restaurada polo Consorcio de Santiago no 2011. As exposicións foron: *Historias de Radio Galicia. 90 anos contigo, Mirar a cidade. Unha visión poliédrica, Lorca en Compostela e Santiago proxectado, arquitecturas non construídas.*

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/mas-de-50000-persoas-visitaron-exposiciones-organizadas-polo-consorcio-de-santiago-no-2023>



PUBLICACIÓNS



## Presentación da novela "A terra do adeus", do escritor e xornalista estadounidense Jose Yglesias

O Consorcio de Santiago presentou o martes 16 de xaneiro a novela do escritor e xornalista estadounidense Jose Yglesias "A terra do adeus", obra editada en colaboración coa editorial Positivas no 2020.

Jose Yglesias foi un xornalista e escritor estadounidense con raíces galegas, xa que seu pai foi un dos numerosos emigrantes que buscaron fortuna en Estados Unidos no século XX. Naceu e creceu en Tampa, cidade cunha potente industria tabaqueira na que a súa familia traballou. A súa infancia e adolescencia influíron na súa escritura, paixón que descobre desde moi novo.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/presentacion-da-novela-terra-do-adeus-do-escritor-e-xornalista-estadounidense-jose-yglesias>

MÚSICA



## A bela dormente de Chaikovski protagoniza o Concerto de Reis da Real Filharmonía de Galicia

A Real Filharmonía de Galicia ofreceu o venres 5 de xaneiro no Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela, o seu tradicional Concerto de Reis que levou por nome A bela dormente e no que unha selección de pezas deste fermoso ballet de Chaikovski foi protagonista. O recital estivo dirixido por Sebastian Zinca, que substituíu por motivos de saúde a Baldur Brönnimann, e nel participou como narradora e actriz Inés Salvado Gontad.

Máis info na programación da RFG:  
<https://www.rfgalicia.org/es/programacion/>



## A prometedora directora portuguesa Rita Castro Blanco levou a batuta da RFG baixo o título *Percorrendo a felicidade*

A Real Filharmonía de Galicia acolleu a semana do 22 de xaneiro un concerto de abono dirixido pola directora portuguesa Rita Castro Blanco que, malia a súa xuventude, colecciona numerosas estreas e vén de amplificar a súa experiencia e interese tanto na ópera canto nos xéneros musicais contemporáneos. A prometedora directora propuxo unha viaxe desde o Clasicismo de Mozart ata a visión nostálgica e idealizada do pasado dos compositores do século XX Martinu e Honneger, baixo o título Percorrendo a felicidade.